

O Grupo Compostela de Universidades realiza a súa primeira assemblea xeral en liña

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2020– O Grupo Compostela de Universidades (GCU) e a Universidade do Miño organizan do 21 ao 22 de setembro a primeira assemblea xeral en liña da nosa rede universitaria. No mes de xuño, ambas institucións adoptaron a decisión de trasladar a internet este evento, a fin de garantir a seguridade sanitaria e a continuidade da reunión anual dos socios da rede.

O evento iniciarase coa reunión do consello xeral do GCU, tras a que se sucederán as cerimonia de entrega dos galardóns dos concursos do GCU, a través dos cales se recoñece anualmente o talento audiovisual e investigador dentro da rede. No IX Concurso Internacional de Vídeo premiarase aos estudantes das universidades de A Coruña (España) e Anáhuac Xalapa (México). En canto ao IV Concurso de Pitches de Investigación, os premios outorgáranse a investigadores das universidades de Pécs (Hungría) e A Coruña (España).

Esta xornada inaugural clausurárase coa cerimonia de entrega do Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia, que poderá seguirse en directo a través da canle de Youtube da Universidade do Minho. Na súa vixésimo cuarta edición este galardón recaeu no músico e musicólogo Carlos Villanueva Abelairas, de quen o xurado destacou no seu fallo a súa “prolífica traxectoria no estudo da cultura xacobeá e da música vencellada ao Camiño de Santiago, así como a súa relevante contribución ao proxecto de construción dos instrumentos do Pórtico da Gloria”.

No seu segundo día, o debate cobrará protagonismo durante os VII Diálogos Compostela na Educación Superior, nos que académicos e expertos internacionais abordarán cuestións relacionadas co impacto da COVID-19 e a sustentabilidade no eido universitario. Ademais, nesta xornada o GCU presentará o informe que elaborou, tras realizar unha enquisa entre os seus socios, acerca da repercusión da pandemia na educación superior.

O Grupo Compostela de Universidades

O Grupo Compostela de Universidades (GCU) é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, recoñecida como entidade de utilidade pública, que traballa en favor da colaboración e promove o diálogo en todos os ámbitos da Educación Superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crescendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os peregrinos do Grupo Compostela de Universidades comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño a Santiago.

Este ano foi recoñecido como entidade de utilidade pública pola súa transparencia na xestión, o seu activo rol na consecución da excelencia na educación superior e o seu labor de difusión do patrimonio cultural a través das súas actividades e iniciativas.